



MEMORIA XUSTIFICATIVA
ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E GAS
NATURAL FENOSA XERACIÓN, S.L.U. EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL E ATENCIÓN
DE EMERXENCIAS.

O Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecen que esta vicepresidencia e consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, establecen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

Gas Natural Fernosa dispón dunha Brigada de Emerxencias e Intervención Rápida Ambiental (BEIRA) creada en 2011, con bases en Velle (Ourense) e Bolarque (Guadalajara), e cunha sub-base en Puente Nuevo (Madrid). A súa principal cualidade é a axilidade para desprazarse e a autonomía para realizar unha actuación de carácter relevante nunha primeira intervención, unha vez notificado o accidente polos Centros de Control Integrados (CCI) de Gas Natural

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con Gas Natural o acordo arriba referido por un período de vixencia anual, prorrogándose tácita e automaticamente ata o seu vencemento

O obxecto do presente acordo é establecer as bases para a colaboración dentro do Sistema de Protección Civil de Galicia, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da dirección xeral de Emerxencias e Interior, e Gas Natural, sen prexuízo dos protocolos de actuación que subscriban as partes.

Forman parte do ámbito do presente acordo as seguintes actividades, que levarán a cabo polas partes de conformidade co mesmo e cos protocolos de actuación que se subscriban:





- A comunicación entre CAE 112 Galicia e o posto de control de atención de urxencias de Gas Natural.
- A colaboración da BEIRA coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a solicitude desta, en situacións de emerxencia que a precisen.
- A implantación dos Plans de Emerxencia de Presas (PEP).
- As charlas formativas e divulgativas sobre as materias e asuntos que concernen ao presente Acordo.
- A organización e participación conxunta en exercicios e simulacros de emerxencias.
- O intercambio de información, cartografía, rede de infraestruturas, catálogo de recursos, previsións meteorolóxicas para a súa integración nun Sistema de Información Xeográfica.

O presente acordo non supón ningún deber económico nin de financiamento para ningunha das partes asinantes, salvo acordo expreso posterior á sinatura do mesmo, polo que non precisa consignación orzamentaria.

Dado que estas funcións de interese público e social só poden ser exercidas de forma exclusiva nesta comunidade por Gas Natural Fenosa, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2006 do 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

Ao amparo das competencias anteriormente indicadas e dada a coincidencia das institucións asinantes na necesidade de colaboración mutua, tendentes a mellorar a prevención e seguridade dos nosos cidadáns, así como fortalecer o intercambio de información e investigación no campo da protección civil, optimizando recursos e orzamentos, é polo que se considera conveniente, nos termos reflectidos, a sinatura deste Acordo de Colaboración.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

O director xeral de Emerxencias e Interior
Luís Menor Pérez

